

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 12 DE NOVEMBRO DO 2007.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día doce de novembro de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.- Non asiste Don Anxo Collarte Pérez.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 5 de Novembro do dous mil sete (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **CORRECCION DE ERROS.-**

Advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 29-10-07 no que se concedía licencia de obra maior (Expte. RIB/N/19.2/05) a Angelino Fernández Fernández, na representación de Freixoal S.L.U., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda correxi-lo mesmo, de xeito que a licencia concedida é a Angelino Fernández Fernández, na representación de Promocións Surbani S.L., con domicilio na avda. Ordoñez nº 24, baixo, Goian, Tomiño.

#### **CORRECCION DE ERROS.-**

Advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 29-10-07 no que se concedía licencia de parcelación das fincas sita na rúa Muñoz Calero nº 34-36-38, desta Vila, a Angelino Fernández Fernández, na representación de Freixoal S.L.U., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda correxi-lo mesmo, de xeito que a licencia concedida é a Angelino Fernández Fernández, na representación de Promocións Surbani S.L., con domicilio na avda. Ordoñez nº 24, baixo, Goian, Tomiño.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADÁNS.**

#### **CONDICIÓN URBANÍSTICAS.-**

**Expte: RIB/N/103/07:** Vista a solicitude de **Don Antonio Garcia Boullosa**, con domicilio na rúa Salgado Moscoso nº 1, 1º, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito na rúa Piñeiral nº 20, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 09.11.07, que literalmente di:

“Dado que a parcela atópase situada na ZONA DE PROTECCIÓN DO CASCO HISTÓRICO, é de aplicación o fixado no Título XII.- Zona de Protección das Ordenanzas do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (P.E.P.R.I.):

- Artigo 89. Condicións de Altura: “De acordo có previsto nas Normas Subsidiarias de Planeamento do Ámbito Municipal e coa Análise das Concas Visuais do Polígono de Percepción, en toda a zona delimitada como de respecto ningunha nova edificación poderá exceder as tres plantas (B+2) en ningún punto sobre a rasante natural do terreo”.

Coas excepcións derivadas da realidade consolidada, que implica que non quedarán fora de ordenación os edificios existentes.

- Artigo 90. Condicións de Estética: “Serán as mesmas que as establecidas para o Conxunto Histórico polas presentes ordenanzas”.

Respecto ás Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais (NNSSPPMM), é de aplicación a Ordenanza CU: Conxunto Urbano en Conservación Parcial de Carácter; e, segundo consta no plano de ordenación, a Ordenanza RC: Residencial Cerrada.

**\* CONDICIÓN DE USO:**

- Usos admitidos, segundo apartado 4.8.3.1 das NNSSPPMM:

Residencial:: vivenda agrupada.

Industria e Almacén: Talleres domésticos e artesanais así como almacéns compatibles o conviventes coa vivenda.

Comercial: Comercio de calquera clase. Todos os graos.

Dotacional: Calquera clase, de 1º grado asimilable á ordenación cerrada.

**\* CONDICIÓN DE POSICIÓN:**

- Aliñacións e rasantes, segundo apartado 4.8.4.1 das NNSSPPMM: “as de planeamento”, refrexadas na documentación gráfica.

**\* CONDICIÓN DE PARCELACIÓN:**

- Condicións de parcelación, segundo apartado 4.8.4.2 das NNSSPPMM: “sen limitación en razón do parcelario”.

**\* CONDICIÓN DE VOLUME:**

- Fondo máximo.- Segundo o apartado 4.8.4.3. das NNSSPPMM: “O fondo máximo para calquera altura será de 15,00 m”.

**\* CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN:**

- Condicións de altura, para novas edificacións deberá cumprirse o artigo 89 das Ordenanzas do P.E.P.R.I., citado anteriormente: B+2P, que segundo o **artigo 42. Alturas** das

nomeadas ordenanzas, será como máximo de 10,00 m. medidos por debaixo do forxado e no punto medio cada 12,00 m.

Tendo en conta que para as edificacións existentes será de aplicación o parágrafo do citado artigo: “Coas excepcións derivadas da realidade consolidada, que implica que non quedarán fora de ordenación os edificios existentes”.

- Condicións de altura de plantas, deberá cumprirse o artigo 43 das Ordenanzas do P.E.P.R.I.:

Planta baixa dedicada a vivenda: 3 m.

Planta baixa non dedicada a vivenda: 3,50 m. libres cun mínimo de 3,00 m.

Na planta de vivenda a altura máxima será de 3,00 m. libres e a mínima de 2,50 m..

- Aproveitamento baixo cuberta, artigo 44 das Ordenanzas do P.E.P.R.I.:

Considéranse habitables tódolos aqueles espazos que alcancen a altura de 1,50 m.

Como iluminación e ventilación permítense ventás en cuberta. As ventás e lucernarios de cuberta colocaranse coa mesma inclinación do plano de cuberta.

Prohíbese a construción de bufardas por non ser elementos representativos da tipoloxía. Soamente autorízanse as existentes e orixinarias da edificación

- Cubertas, artigo 34 das Ordenanzas do P.E.P.R.I.:

Manterase a inclinación das cubertas orixinais, para o caso de substitución. En obra nova realizarase cunha pendente entre os 20 e os 30 graos. A altura máxima de cumio sobre o último forxado será de 3,50 m. Serán sempre a dúas augas e con faldóns paralelos a fachada salvo edificacións en esquina que serán a catro augas. Quedan expresamente prohibidas as azoteas (excepto as orixinarias da edificación) e os cambios de pendente.

- Elementos saíntes e de coroación de fachadas: aleiros, cornixas e petos, artigo 29 das Ordenanzas do P.E.P.R.I..

Non se admitirá a prolongación da forxados fora do plano da fachada.

Os remates de fachadas executaranse mediante aleiros e cornixas, salvo casos excepcionais cando se xustifique por adaptación da nova edificación a seus colindantes, para súa configuración interpretaranse ou repetirán solucións tradicionais, non podendo formarse o aleiro ou cornixa, en ningún caso, mediante o voo do forxado da última planta en todo seu espesor.

O voo dos aleiros non superará a lonxitude máxima de 40 cm.

Admitiranse solucións tradicionais con aleiro e balcón corrido na última planta co plano de fachada lixeiramente recuado ata alcanzar unha profundidade máxima de 1 m. entre o borde exterior do aleiro e a cara exterior do paramento de pechamento.

As impostas, molduras e cornixas poderán realizarse en pedra e outros materiais admitidos na composición da fachada, definindo unha molduración que posibilite a diminución do seu canto, de tal forma que no seu extremo non sexa superior a 15 cm., sobre o plano de fachadas.

Non se autoriza a coroación de fachadas mediante antepeitos ou petos.

\* CONDICIÓN S ESTÉTICAS:

- Deberá cumprirse o anteriormente citado Artigo 90. Condicións de Estética: “Serán as mesmas que as establecidas para o Conxunto Histórico polas presentes ordenanzas”, recollidas no Título VII. Condicións estéticas das Ordenanzas do P.E.P.R.I.

Así mesmo deberá cumprirse as Condicións Mínimas de Habitabilidade, esixidas no Decreto 311/1992, así como toda aquela normativa de obrigado cumprimento”.

**Expte: 24/10/2007/5472-CU/335:** Vista a solicitude de **Don Josefa Vázquez Leboso**, con domicilio na rúa Rosalia de Castro nº 6, 2ºB, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito en Santo André (Polígono 22, Parcelas 325 a 332 , 466 e 448-5 do proxecto de concentración), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 09.11.07, que literalmente di:

1. “O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2.

Este ordenamento supedítase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, Lei de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

2. As parcelas de referencia, agrúparonse mediante un Proxecto de Concentración Parcelaria. Resultando unha nova parcela de vocación agrícola según se precisa no correspondente proxecto.
3. A parcela resultante corresponde a Solo Rustico, regulado por o Artigo 31e seguintes da LOUGA.

a. Na Categoría que se establece no Art. 32-2,a).  
Solo Rústico de Protección Agropecuaria.

4. Axuntase co presente informe:

- a. Plano NNSSM, E 1: 5.000
- b. Plano Catastral.
- c. Art. 32, Categorías.”

**Expte: 25/10/2007/5507-CU/339:** Vista a solicitude de **Pazo de Esposende S.L.**, con domicilio en Esposende, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito nas Quintas, Esposende (Polígono 21, Parcelas 151), a Xunta de Goberno Local, por

unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 09.11.07, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, Lei de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

1. A parcela de referencia, según a Cartografía Oficial do N.R. de Esposende, Plano Nº 6; da Cartografía Oficial das NNSSM, e denominado “TORRE”, e na precisión que se deriva da Cartografía existente, Plano Catastral e da Xunta, compróbase ca Parcela nº 151 do Polígono 21, e según o trazado ou delimitación do Suelo de N.R.; establececese que dita parcela corresponde a dúas clases de solo.

Correspondendo o Suelo de N.R. a dúas parcelas diferenciadas por a imposición da cartografía de delimitación do N.R. de Esposende, así como outra parcela clasificada como de Solo Rústico.

2. Rexime Urbanístico aplicable a Solo Rústico.

Previo á materialización e arpoitamento que lle correspondan por aplicación da LOUGA procederáse á parcelación por esixencia imposta por o planeamento, á parcela matriz con Número Catastral 151.

División e Segregación que a esta clase de solo, se regula por o Art. 206 da LOUGA.

O Suelo Rústico regúlase por o Art. 31 e seguintes.

- a. Categorías:

Estas establécense no Art. 32-Categorías, sen correspondente ao Solo Rústico da parcela matriz de referencia Solo Rústico de Protección Agropecuaria, Art. 32-2.a) Rústico Especialmente Protexido.

3. Rexime Urbanístico aplicable ao Solo de Núcleo Rural.

- a. Para a materialización dos aproveitamentos ca LOUGA determina para o Suelo de Núcleo Rural, é previo e preceptivo se realice a parcelación imposta por o planeamento e que reúna as condicións que sinala o Art. 16.

- b. Rexime Xurídico aplicable:

Regúlase por o Art. 24 e seguintes da LOUGA e concorrentes.

- Os usos permitidos establécense no Art. 27, permitíndose os usos turísticos entre outros.
- c. Dada a proximidade ao Pazo de Esposende, o expediente administrativo que se someta tramite de licenza, remitirase á Consellería de Cultura para o seu preceptivo informe.

4. Axúntase co presente informe:

- a. Plano Oficial Núcleo Rural, E 1: 5.000.
- b. Plano Catastral.
- c. Superposición N.R. sobre Plano Catastral
- d. Art. 24 e seguintes da LOUGA. “

**Expte: 16/10/2007/5275-CU/326:** Vista a solicitude de **Dona Lourdes Rivera Gómez**, con domicilio en San Cristovo nº 111, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito no Camiño Xarmenta (Polígono 12, Parcelas 739), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 09.11.07, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, Lei de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

1. Xirada visita ao lugar comprobo:

- a. Sobre a parcela 739 e con fronte ao Camiño Xarmenta, existen varios edificios. (Dita parcela tamén ten acceso por o camiño posterior)

Unha vivenda unifamiliar de planta baixa adosada ao lindeiro da parcela catastral nº 730, así como a unha nave actualmente sen uso e que foi nave avícola.

Outra nave ilada , igualmente sen uso e que foi nave avícola.

Descoñecendo si foi tramitado o expediente de legalización de dita explotación, según o previsto por a LOUGA.

2. A parcela 739, do Polígono 12, corresponde a Solo Rústico, sendo de aplicación o Art. 31 e seguintes .

- a. Na Categoría que se establece no Art. 32, Categorías como Solo Rústico de Protección Ordinaria, Art. 32-1).
3. O procedemento para o outorgamiento de autorizacións regulase por o Art. 41. e seguintes da LOUGA.
4. Axúntase co presente informe:
  - a. Plano NNSSM, E 1: 10.000.
  - b. Plano Catastral.
  - c. Articulado Art. 41.”

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“Da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, comunicando Resolución de data 7 de novembro pasado, concedendo subvención para a contratación de 9 traballadores/as desempregados/as para a realización da obra denominada “PIEG-REDE NATURA ZONAS LIC (GRUPO DE APOIO O CONTORNO RURAL)”.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº6/07.**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº6 /07, por importe de 207.310,30 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

##### **GASTOS E FACTURAS VARIAS.-**

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

- Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.
- MOTO AGRÍCOLA JOSÉ LUÍS: Aluguer de maquinaria para o Obradoiro de Emprego Labor Avia, dende o 22 de xuño de 2007 ata o 21 de decembro de 2007, segundo factura número 51/116, por importe de 3276,77 euros.

- CEPSA COMERCIAL GALICIA S.A.: Subministración de gasoleo C para C.P.I. Tomás de Lemos e Colexio de Ribadavia, segundo factura núm. 200710300000490, por importe de 5.480,77 euros.

Segundo.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

- GARCÍA PÉREZ DO RIBEIRO. Suministro de diversos materiais de obra e servizo de camión volquete para obra en Sampaio, para o Obradoiro de Emprego Labor Avia, segundo factura número 2141, por importe de 6527,78 euros. Factura aprobada por Resolución da Alcaldía de 5 de novembro de 2007.

Terceiro.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.